

- 1- Circuito (pegado á VG-20 a altura do río Lagares).
- 2- Punto de acceso o circuito (secretaría, C. chamadas)
- 3- Saída 4 da VG-20 (accede directamente o circuito).
- 4- Zona de amplo aparcamento (a 200 m. do circuito)
- 5- Campo fútbol "A Xunqueira" U.D.Comesaña

Para os que veñen de fora de Vigo, recoméndaselles acceder pola circunvalación VG-20 e tomar a saída 4

leva directamente ás inmediacións do circuito.

Localización 42,20217 / -8,76522



Localización do circuito

www.autoescuelasfaro.com

¡ MATRÍCULATE EN UNA Y UTILÍZALAS TODAS !
Vigo + Nigrán + Chapela + Porriño + Arbo + A Cañiza

986
236
265

TODOS LOS PERMISOS • MERCANCÍAS PELIGROSAS • DISCAPACITADOS • CURSOS • TEST ORDENADOR

Uruguay, 2 - 1º ofc. 1 - 36201 - Vigo; Telef. 986 435099 - Fax 986 435083

RODOVIGO, SL

Dispositivos de las más modernas instalaciones para mantener el mejor nivel de atención para nuestros clientes.

Aquí podrá disfrutar de toda la gama RENAULT, una completa sección de vehículos de ocasión, seguros y las últimas innovaciones, y todo ello avalado por nuestro gran equipo de profesionales.

Adquiese, nadie le atenderá mejor que nosotros.

Camino Garamazo, 11
 San Andrés de Comesaña, 36213 VIGO
 Tels: 986 21 25 20 - Fax: 986 21 25 07
 e-mail: rodovigo@red.renault.es

32º Memorial Belarmino Alonso de Campo a través

Domingo, 28 de novembro do 2010.

En Vigo, o lado do campo de fútbol "A Xunqueira" - Molinos / S. Andrés de Comesaña

Proba do calendario da FGA



10:15	Xuvenil e Xúnior Masculina
10:35	Xuvenil e Xúnior Femenina
10:55	Promesa e Sénior Masculina
11:40	Promesa e Sénior Femenina
12:10	Cadete Masculina
12:30	Cadete Femenina
12:45	Infantil Masculina
13:00	Infantil Femenina
13:10	Alevín Masculina
13:20	Alevín Femenina
13:28	Benxamín Masculina
13:35	Benxamín Femenina

Organiza:



Patrocina:



Inscripción

Fax: 986 235 169 – Email: comesana@comesana.org - <http://comesana.org/inscripcion.html>

Máis información → Comesaña Sporting Club Pedreira, 21, 36213 Vigo

Iniciada en 1978, é a competición de Cross máis antiga de Galicia (sen contar o Campionato galego). Nela réndese homenaxe a Belarmino Alonso, directivo do club falecido ese ano. Nesta edición continuamos aumentando o empeño para lograr a puntuación necesaria para entrar no Calendario Nacional, para iso, ademais do esforzo económico, queremos motivar á elite galega a participar para que Galicia teña a proba de Cross que lle corresponde.

Haberá un servizo gratuito de autobuses da empresa VITRASA cada 20 minutos de ida e volta, dende o circuíto ata os vestiarios con duchas das pistas de Balaidos.



Circuíto completo
1900 metros

100 m.

Regulamento

1- O **Comesaña Sporting Club**, coa autorización da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, organiza o próximo día 28 de Novembro o 32º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través en San Andrés de Comesaña, "Molinos" á beira do campo de fútbol "A Xunqueira". O control e dirección das carreiras estará a cargo do Comité de Xuíces da Delegación da Federación Galega de atletismo en Vigo.

2- O horario de saída das carreiras é o seguinte:

Hora	Categoría	Ano nacemento	Distan.	Percorrido carreira
10:15	Xuvenil e Xúnior Masculina	1994/95 - 92/93	4440 m	1 volta nº 3 + 1 volta nº 2 + 1 o circuíto completo
10:35	Xuvenil e Xúnior Femenina	1994/95 - 92/93	3380 m	1 volta nº 2 + 1 o circuíto completo
10:55	Promesa e Sénior Masculina	1989/90 - 91/88 ou anos anteriores	9500 m	5 voltas circuíto completo
11:40	Promesa e Sénior Femenina	1989/90 - 91/88 ou anos anteriores	5700 m	3 voltas circuíto completo
12:10	Cadete Masculina	1996-1997	3380 m	1 volta nº 2 + 1 circuíto completo
12:30	Cadete Femenina	1996-1997	1905 m	1 volta nº 4 + 1 volta nº 3
12:45	Infantil Masculina	1998-1999	1905 m	1 volta nº 4 + 1 volta nº 3
13:00	Infantil Femenina	1998-1999	1060 m	1 volta nº 3
13:10	Alevín Masculina	2000-2001	1060 m	1 volta nº 3
13:20	Alevín Femenina	2000-2001	845 m	1 volta nº 4
13:28	Benjamín Masculina	2002-2003	845 m.	1 volta nº 4
13:35	Benxamín Femenina	2002-2003	645 m.	1 volta nº 5 (= nº 4 reducida)

3- As inscricións deberán efectuarse por un dos métodos seguintes:

☞ Por escrito, ben por correo ordinario a Comesaña Sporting Club, Pedreira, 21, 36213 Vigo; ou por Fax o número 986 235 169; Pechándose o prazo por este método o **día 23 de novembro**, non admitíndose por estes medios ningunha inscrición despois da data indicada.

☞ Por Internet, cubrindo o formulario no enderezo <http://comesana.org/inscripcion.html>, ou enviando un correo electrónico cos datos a comesana@comesana.org pechándose o prazo, só para estes procedementos, o **26 de novembro ás 20:00 h.**

Todas as inscricións farán constar: Nome do club e teléfono de contacto, agrupadas por categorías. Para cada atleta, nome e apelidos, ano de nacemento e **número de licenzia federativa.**

4- Todos os atletas participantes deberán ter dilixenciadas as súas licenzia para a tempada 2010/2011.

Os portugueses sempre que non foran internacionais, en Campo a Través, ou fondo e meio-fondo, nos 5 últimos anos.

5- En todas as carreiras haberá unha clasificación por clubs, establecéndose esta coa suma dos postos ocupados polos catro primeiros atletas dun mesmo club **en cada carreira** (postos reais, sen eliminar os atletas que non puntuen por ningún club, por ser independentes ou por competir o seu con menos de 4 atletas). En caso de empate este resolverase en favor do club co 4º atleta mellor clasificado. Realizaranse clasificacións individuais absolutas e por as categorías: Promesa, Xúnior, Xuvenil, Cadete, Infantil, alevín e Benxamín de ambos os dous sexos.

6- Os atletas de calquera categoría de veteráns consideraranse a todos os efectos coma sénior.

7- Serán gañadores do 32º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través a primeira atleta clasificada da carreira promesa-sénior feminina e o primeiro atleta clasificada da carreira promesa-sénior masculina.

8- Outorgaranse premios en metálico e trofeos (o menos) aos cinco primeiros clasificados nas carreiras **promesa/sénior** de ambos os dous sexos, así como trofeos aos primeiros en as categorías: Promesa, Xúnior, Xuvenil, Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín.

1º/a clasificado/a	600,00 €
2º/a clasificado/a	400,00 €
3º/a clasificado/a	250,00 €
4º/a clasificado/a	100,00 €
5º/a clasificado/a	60,00 €

9- Tamén trofeo para o club gañador de cada carreira.

10- Os participantes correrán cos gastos de desprazamento.

11- Todos os dorsais dos atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizarán como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, debendo os atletas respectar a publicidade impresa.


12- Os participantes nas **carreiras xuvenil/júnior e promesa/sénior** deberán pasar por **cámara de chamadas** ata **15 minutos** antes da hora de comezo das súas carreiras.

13- As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas de acordo con as normas establecidas no Regulamento Internacional da IAAF.


14- O Comesaña Sporting Club e os seus colaboradores non se fan responsables sobre os posibles danos que co motivo da competición poidan sufrir os participantes ou ocasionar a outros, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

15- O non previsto neste Regulamento resolverase de acordo co Regulamento Internacional da IAAF.

O feito de inscribirse neste 32º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través implica a total aceptación do preceptuado no presente Regulamento.




CIRCUITO Nº 2
1480 metros



CIRCUITO Nº 3
1060 metros



CIRCUITO Nº 4
845 metros



CIRCUITO Nº 5
645 metros